



ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN SESIÓN DO 14 DE XUÑO DE 2023, EN VIRTUDE DO ESTIPULADO NO ART. 36.1 DO ROF.

En Valdoviño, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do día 14 de xuño de 2023, reuníronse en primeira convocatoria na Casa Consistorial os señores e señoras concelleiros/as que se expresan de seguido para celebrar sesión extraordinaria correspondente a este día; previa convocatoria efectuada coa antelación regulamentaria establecida no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro., Preside o Alcalde en funcións, don ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ asistido pola secretaria xeral do Concello, dona CARLOTA GONZÁLEZ NAVARRO.

Asistentes:

Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Alejandro Antonio García Sousa e dona Jessica Sabín Fernández.

A sesión ten coma obxecto dar cumprimento ao disposto no artigo 36.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no que se dispón que o terceiro día anterior ao sinalado pola Lexislación electoral para a Sesión constitutiva do Concello, os Concelleiros cesantes, reuniránse en Sesión convocada ao soio efecto de aprobar a acta da última Sesión convocada.

Chegada a hora sinalada no encabezamento, polo Presidente se declara aberto o acto, e da súa orde procedese á Orde do Día.

ÚNICO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA O 08.06.23.- O Sr. Alcalde- Presidente pregunta aos Señores/as Concelleiros/as se desexan realizar algunha observación, non formulándose ningunha.

Sometida a votación a aprobación da acta mencionada, queda aprobada pola Xunta de Xunta de Goberno por unanimidade dos seus membros.

Non habendo mais asuntos dos que tratar deuse por rematada a sesión sendo ás dez horas do día da data, da que se levanta a acta, conformada por mín Secretaria que CERTIFICO e polo Sr. Alcalde-Presidente en funcións que igualmente a asina co seu Visto e Prace.

/Documento asinado electrónicamente pola secretaria e polo sr. alcalde en funcións na marxe esquerda do mesmo.

